



Real Coro
Toxos e Froles

Ferrol


1979

Dirixión dos Fillos Galegos
Madrugada do Oiro de Galicia

REAL CORO TOXOS E FROLES III CONGRESO DE MÚSICA TRADICIONAL TERRA DE TRASANCOS

FERROL RÚA MAGDALENA, 220
29 e 30 DE ABRIL 2011

CARLOS NÚÑEZ
CARLOS BECEIRO
ALFONSO FERNÁNDEZ
CARMEN MALDE
TREIXADURA

 "la Caixa"

 Concello de Ferrol
www.ferrol.es

 DEPUTACION
DA CORUÑA

O Real Coro Toxos e Froles ven traballando dende o seu nacemento no ano 1915 en dar valor á nosa cultura popular galega, en tódalas súas manifestacións. O presente congreso non é máis que outro gran de area da nosa longa historia para seguir a facer camiño de busca nas nosas tradicións. Por elo, agardámo-la vosa presenza para participar con nós desta experiencia e dámo-lo noso máis sincero agradecemento a tódolos poñentes pola súa inestimable colaboración.



CARLOS NÚÑEZ

Está considerado internacionalmente como un músico extraordinario. A idade de oito anos comeza a súa andadura e aprende dos vellos mestres os segredos da música popular e da gaita. Posteriormente realiza estudos de frauta en Madrid obtendo matrícula de honra e premio extraordinario fin de carreira. Xunto ao grupo Irlandés The Chieftains participa en diversas gravacións entre elas a B.S.O. do filme La isla del tesoro premiada con un Grammy. En toda a súa traxectoria ten vendidos máis de un millón de discos, un premio Ondas, foi nomeado Embaixador Europeo do Medio Ambiente e actuou para millóns de espectadores en galas por todo o mundo. Foi definido na prensa como “O Jimmi Hendrix da gaita”.



CARLOS BECEIRO

Un dos músicos máis influentes da música folk na península. Dende finais dos 70 compaxina estudos superiores de música con formación jazzística, ademais da especialización en multitude de instrumentos de corda como pode ser o contrabaixo, bouzuki ou a mandolina. Membro fundador de La Musgafia, é habitual colaborador de artistas da talla de Luís Delgado, Carlos Nuñez, Kepa Junkera, Eliseo Parra, Maurizio Martinotti ou Os Cempés. Na actualidade participa en proxectos como “Evening Star” ou “The Irish Spanish Connection”



JUAN ALFONSO FERNÁNDEZ GARCÍA

Licenciado en Filoloxía Hispánica e Director do Museo da Gaita de Xixón desde 1997. Comeza a tocar a gaita en 1982 da man de Armando Fernández Robledo. En 1991 interésase tamén pola a zanfona, e recibe clases de Maurizio Martinotti, Gilles Chabenat, Pascal Lefebvre e Patrick Bouffard. Con este instrumento gravou o monográfico sobre a música dos cegos “Ea, señores usías”(1999) e participou en gravacións con diversas agrupacións”. É tamén autor de diversos artigos en torno á música tradicional asturiana. Actualmente traballa na edición do Cancionero de la gaita asturiana e prepara a súa tese doutoral sobre o proceso de formación do repertorio da gaita asturiana.



CARMEN Mª MALDE LAGÓSTENA

Diplomada en Educación Musical e Licenciada en Historia e Ciencias da Música. Colabora con Carlos Villanueva no traballo La Galicia que mira al mundo: la música en la época de Canalejas. El modelo Ferrolano. Profesora de Música do IES Ferrol Vello, actualmente atópase rematando a tese doutoral na Universidade de Salamanca sobre o compositor madrileño Teodoro San José.



TREIXADURA GAITEIROS

Constitúe dende 1990, un espectáculo musical sorprendente. A música tradicional observada desde dúas concepcións ben arraigadas: o canto e a gaita. 15 compoñentes que proveñen de propostas musicais variadas e teñen en común o gusto e o respecto pola “música da terra”. 20 anos, ás portas dun 5º disco e innumerables colaboracións. Dúas décadas compartindo co público o poder e a forza evocadora, máxica e reconfortante do canto colectivo.

REAL CORO TOXOS E FROLES

III CONGRESO DE MÚSICA TRADICIONAL

TERRA DE TRASANCOS

Local do Real Coro Toxos e Froles
Rúa Magdalena, 220. Ferrol

INAUGURACIÓN DO CONGRESO

venres 29 de abril ás 20.00h

CARLOS NÚÑEZ

“Aires de Ultramar: América e a Música Galega”
Venres 29 de Abril ás 20.15h

CARMEN MALDE

“Cantos, Bailes e Tonadas de Galicia: A obra inédita de Ramón de Arana”
Sábado 30 de Abril ás 11.30h

ALFONSO FERNÁNDEZ

“O Museo da Gaita de Xixón”
Sábado 30 de Abril ás 12.30h

CARLOS BECEIRO

“O Camiño dos Arrieiros: Unha Visión Galega da Música Castelá-Leonesa”
Sábado 30 de Abril ás 17.30h

TREIXADURA

“Treixadura: 20 anos de música tradicional”
Sábado 30 de Abril ás 18.30h

CLAUSURA DO CONGRESO

Sábado 30 de abril ás 19.30h
Tódolos asistentes estarán convidados a unha copa de viño

INSCRICIÓN GRATUITA

Máis información:

Real Coro Toxos e Froles
Rúa Magdalena, 220. Ferrol
tlf: 650 788 374

info@toxosefroles.com